

<b>Código do curso</b>	<b>TLP-26-001</b>
<b>Denominación</b>	<b>CURSO PRÁCTICO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL XERATIVA APLICADA AO SECTOR CIENTÍFICO E AGROAMBIENTAL</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua cuxos postos estean relacionados co contido do curso
<b>Número de horas</b>	15
<b>Datas</b>	Do 11/05/2026 ao 14/05/2026 De 16:30 a 20:30 horas
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O curso ten un enfoque eminentemente práctico, orientado a que as persoas participantes aprendan a integrar ferramentas de intelixencia artificial (IA) xerativa na súa rutina diaria de traballo</li> <li>• Ao longo do curso traballarase con casos reais e exercicios guiados, adaptados a contextos técnicos, administrativos e divulgativos, priorizando sempre o criterio profesional e o uso responsable da IA</li> </ul>
<b>Contido</b>	<p><b>Bloque 1. Introducción operativa á IA xerativa</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que é a IA xerativa</li> <li>• Fortalezas, limitacións e riscos</li> <li>• Boas prácticas: verificación, trazabilidade e uso ético</li> <li>• Como formular instrucións eficaces (a arte do <i>prompting</i>)</li> </ul> <p><b>Bloque 2. Busca, análise e síntese de información científica e técnica</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso da IA para localizar bibliografía científica e técnica relevante</li> <li>• Lectura asistida de artigos, informes e normativa extensa</li> <li>• Extracción de ideas clave, conceptos e conclusións</li> <li>• Elaboración de resumos executivos, fichas técnicas e esquemas comparativos</li> <li>• Apoio á comprensión de textos complexos ou altamente especializados</li> </ul> <p><b>Bloque 3. Automatización de tarefas repetitivas e documentación de traballo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xeración asistida de informes técnicos, táboas e listaxes estruturadas, esquemas e documentos de traballo</li> <li>• Estandarización de documentos e modelos</li> <li>• Revisión e mellora de documentos xa existentes</li> </ul> <p><b>Bloque 4. Apoio á redacción de memorias, proxectos e documentación administrativa</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoio na redacción de memorias técnicas, proxectos e</li> </ul>

	<p>propostas e documentación administrativa</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Mellora do estilo: claridade, precisión e coherencia</li><li>• Adaptación da linguaxe a distintos públicos (técnico, político, divulgativo)</li><li>• Revisión crítica: detección de incoherencias, lagoas ou redundancias</li></ul> <p><b>Bloque 5. Comunicación de resultados e divulgación</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Uso da IA para redactar resumos divulgativos, preparar mensaxes clave e simplificar conceptos técnicos complexos</li><li>• Apoio á elaboración de materiais formativos</li><li>• Adaptación de contidos a distintos formatos e canles</li></ul> <p><b>Bloque 6. Imaxes, gráficos e presentacións asistidas por IA</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Xeración de imaxes mediante IA: ilustracións conceptuais, esquemas visuais e imaxes para divulgación ou formación</li><li>• Apoio da IA na creación de presentacións técnicas, diapositivas divulgativas e estruturas narrativas para presentacións</li><li>• Mellora visual de gráficos e mensaxes clave</li></ul>
--	---